

Bos Aires, 25-Io-1955.

Sr. Don Valentin Paz Andrade

Moi estimado amigo:

Non se decata do moito que lle agradecein a súa garimosa lembranza estando a voar sobor do Atlántico -o mar ancho, xa vedado pra min- alegrándome que despois do seu magnífico viaxe tivera un retorno feliz á Terra.

Non sin certo sentimento, debo decirlle que aínda non tiven a tan esperada oportunidade de poderme deleitar co seu poema adicado ao noso querido ausente no seu 50 aniversario, porque según noticias que teño, queren vir a entregarme persoalmente un exemplar encuadernado etc.etc, razón pol-a cual ando un pouco atrasada...De calisquera modo, e non descoñecendo xa os xuícios autorizados e comentarios de lóubanza sobor do seu admirable traballo, eu adiántolle a miña emocionada e sinceira felicitación, segura de que me sentirei gratamente conmovida ante a súa sempre fermosa e suxentiva forma de expresión. / Alá se foron xa cinco anos de silencio, que representan pra min cinco anos de loita interior, calada e sombría, esperando...esperando.../

Y agora, que se me presenta ista oportunidade de lle escribir, vou a pedirle un favor importante pra min, segura de que vostede vai a resolve-lo prontíño e favorablemente. Está por sair eiquí, unha pequena "pichincha" na que estou intresada sempre que para elo conte coa cantidade precisa e que tal vez quedaría redonda si vostede poidera conseguir, e mandarme, ises cartos que vostede sabe onde están. Sentiríame, íntima, e moralmente satisfeita, si n-esta "grande aventura" poidera valerme con forzas propias sin pesar de novo na "economía" dos sempre tan xenerosos amigos. Confío pois, en que de ista vez, vai a contestarme o mais axiña posible, enviándolle anticipadas gracias, por iso, e por todo o demais.

Para Pilara e Alfonsiño, vai meu agarimo e unha aperta, extensiva a vostede coa miña fonda estimación.

Sempre

Virginia P. de Castelas